



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Resultando que con data 30 de xuño de 2026, ditouse a providencia da Alcaldía pola que se acorda aprobar as bases e se procede a convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun tractorista que cubrirá a xornada completa, durante 9 meses o cadro de persoal para o programa de Fomento de Emprego no Medio Rural, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para “Tarefas de silvicultura, limpeza de montes e xestión de biomasa, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2026”

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, resultou admitido, unha única solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ MANUEL CARAMÉS SÁNCHEZ	***5932**

Resultando que, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas para cada un dos postos ofertados, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. JOSÉ MANUEL CARAMÉS SÁNCHEZ, para o posto de tractorista que desenvolverá a xornada completa, cunha duración máxima de 9 meses dende o 7 de xullo de 2026 (incluído) para tarefas de silvicultura, limpeza de montes e xestión de biomasa, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2026 ao abeiro do programa de Fomento de Emprego no Medio Rural, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

DECRETO
Número: 2026-0366 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: R5ECK566MKYKREO6IN2Q46ZA
Corrección: <https://ozacesuras.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Concello de Oza-Cesuras

Segundo.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar antes das 13 horas do 3 de xullo de 2026 os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

Terceiro.- Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato.

Oza Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

O Secretario ,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

DECRETO

Número: 2026-0366 Data: 02/07/2026

